

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Aprobación bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO.*

#### ANUNCIO

**Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023 – 2024. Segundo ciclo Educación Infantil, Primaria e ESO.**

(Expediente 2023/A011/000003)

Por medio do decreto número 362/2023 de data 28/06/2023 resolveuse aprobar as “**Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023 – 2024. Segundo ciclo Educación Infantil, Primaria e ESO.**”, cuxo contido se transcribe:

#### **BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2023-2024. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO”**

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte ós gastos derivados da escolarización das/os súas/seus fillas/os matriculadas/os nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socioeconómicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 10.000,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 326.48002, do orzamento do ano 2023.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Ós efectos destas bases, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, empadroados no Concello de Pontedeume e no mesmo domicilio, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará persoa computable aquela delas que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de persoa computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar, agás nos casos de custodia compartida.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2023 – 2024, pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Pontedeume.

3.- Para poder ser beneficiaria/o destas axudas, a/o solicitante deberá estar empadroado no Concello de Pontedeume, cunha antigüidade mínima de dous anos (segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume). Tódolas persoas integrantes da unidade familiar teñen que estar empadroadas no mesmo domicilio. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación desta convocatoria.

4.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2021, de tódolas persoas computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de persoas integrantes da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 persoas	20.160,00€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 persoas	25.200,00€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 persoas	29.520,00€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 persoas	33.120,00€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 persoas	36.000,00€ (5,0 x IPREM)

A partir da sexta persoa integrante da unidade familiar, engadiranse 2.160,00€ (0,3 x IPREM) por cada nova persoa computable.

As unidades familiares que superen o límite da renda anual non terán dereito á axuda.

5.- As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nos puntos anteriores, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaranse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, o criterio de desempate será a menor renda per cápita.

### Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- Lugar. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación destas bases no BOP

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3.- Documentación a presentar:

1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.

2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.

4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2021 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.-Copia de matrícula do presente curso ou declaración responsable coforme á/ó alumna/o vai estar matriculada/o no curso 2023-2024.

6.-Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

7.- Declaración responsable de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións. Segundo o modelo establecido.

8.-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume, segundo o modelo establecido.

9.-Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

10.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algunha das persoas integrantes da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

11.- No caso de que algunha das persoas integrantes da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

#### **Artigo 4º.- Criterios de avaliación.**

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de persoas integrantes da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

- 1.- Número de persoas integrantes da unidade familiar.

Por cada persoa integrante da unidade familiar: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.
- Por cada persoa integrante da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.
- Por cada persoa integrante da unidade familiar en desemprego: 1 punto.
- Por familia numerosa (título): 1 punto.

- 3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de persoas integrantes da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

#### **Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.**

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Pontedeume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos
- f) Declarar que se atopa ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

#### **Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a pro-

posta de resolución, será a Concelleira de educación . O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada persoa beneficiaria, segundo os requisitos e criterios establecidos nos artigos 2 e 4 das presentes bases. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume (B.O.Pnº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a Concelleira de Educación.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.

Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde - Presidente mediante decreto.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes elaborase o informe-proposta de resolución provisional en función do cumprimento dos requisitos esixidos. Este listado publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Pontedeume e a través da páxina web municipal unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude.

Unha vez publicada a resolución provisional, as/os solicitantes, disporán dun prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario de conformidade cos parágrafos anteriores, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na Base de datos nacional de subvencións.

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 75 € que se fará efectiva mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable unicamente naquelas entidades colaboradoras que teñan asinado o convenio de colaboración co Concello de Pontedeume.

#### **Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

O pagamento das axudas efectuarase ás/ós beneficiarias/os mediante un vale canxeable polo dito material escolar nas entidades colaboradoras que teñan firmado o convenio correspondente co Concello de Pontedeume.

A lista das Entidades Colaboradoras serán publicadas na páxina web do concello e no seu taboleiro.

Na resolución definitiva establecerase un prazo para a entrega dos vales.

#### **Disposición adicional.**

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Disposición final.**

Estas Bases entrarán en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, sen prexuízo da súa publicidade na páxina web do Concello e na Base de datos nacional de subvencións.

Contra estas Bases poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR**

Dña./D. \_\_\_\_\_,  
 con DNI/NIF nº \_\_\_\_\_ maior de idade, veciña/o de Pontedeume, con domicilio a efectos de  
 notificacións en \_\_\_\_\_,  
 teléfono/s \_\_\_\_\_, nai / pai / tiror/a de \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_, que cursa \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

1.- No BOP nº XX, do XXXXX, día XX de XXXX de 2023 publicáronse as bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024. Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume.

2.- Achega a seguinte documentación: (sinalar mediante X)

- Fotocopia do D.N.I. da/o solicitante, cónxuxe/parella e filla/o.
- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso das familias numerosas, fotocopia do título.
- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2021 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Copia de matrícula do presente curso ou declaración responsable coforme á/ó alumna/o vai estar matriculada/o no curso 2023-2024.
- Se é o caso, documentación acreditativa de incidencias tales como: separación do cónxuxe, abandono do fogar, viuvez, discapacidade, desemprego, etc.

3.- Declara que son certos os datos consignados neste formulario, e autoriza ó Concello de Pontedeume a realizar todas aquelas comprobacións que sexan necesarias para a resolución desta solicitude.

**SOLICITA:**

O outorgamento da axuda ás familias para a adquisición de material escolar.

Pontedeume, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

A/o solicitante

Asdo.: \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

Dña./D. \_\_\_\_\_, con domicilio en Pontedeume,  
 Rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e  
 D.N.I. nº \_\_\_\_\_, con coñecemento dos delitos nos que poidera incorrer por falsidade, de conformidade co  
 disposto artigo 3, apartado 3.3.6 das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de  
 material escolar. Curso escolar 2023-2024. Educación infantil, primaria e ESO (BOP n.º XX, do XX de XXXX de 2023),  
 DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

**Axudas solicitadas:**

- NON solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- SI solicitei axuda para este mesmo proxecto (enumerar as axudas, tipo de axuda contía e organismo concedente):

**Axudas concedidas:**

- NON se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- SI se me concedeu axuda para este mesmo proxecto (enumerar as mesmas, tipo de axuda contía e organismo concedente):

Pontedeume, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

A/o solicitante

Asdo.: \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dna./D. \_\_\_\_\_, con domicilio en Pontedeume, Rúa \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e D.N.I. n° \_\_\_\_\_, de conformidade co disposto artigo 3, apartado 3.3.7 das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024. Educación infantil, primaria e ESO (BOP n.º XX, do XX de XXXX de XXXX), DECLARO baixo a miña responsabilidade:

- Que estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (aos efectos previstos no art. 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións) comprometéndome a notificar o cambio en dita situación (no prazo de trinta días naturais contados dende o día seguinte á notificación da resolución.
- Declaro baixo a miña responsabilidade, aos efectos previstos no art. 69.9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que, cumpro con tódolos requisitos establecidos na normativa vixente para obter a subvención, que dispoño da documentación que así o acredita, que a poñerei ao dispor do Concello cando me sexa requirida e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento do dereito á devandita subvención.

Pontedeume, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

A/o solicitante

Asdo.: \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dna./D. \_\_\_\_\_, con domicilio en Pontedeume, Rúa \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e D.N.I. n° \_\_\_\_\_, con coñecemento dos delitos nos que poidera incorrer por falsidade, de conformidade co disposto artigo 3, apartado 3.3.8 das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024. Educación infantil, primaria e ESO (BOP n.º XX, do XX de XXXX de XXXX), DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que non estou incurso/o en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 Lei 38/2003 xeral de subvencións.
2. Que non teño pendente de xustificar ningunha axuda económica concedida polo Concello de Pontedeume.

Pontedeume, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

A/o solicitante

Asdo.: \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dna./D. \_\_\_\_\_, con domicilio en Pontedeume, Rúa \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e D.N.I. n° \_\_\_\_\_ DECLARO, que o/a alumno/a para o que solicito a axuda ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024. Educación infantil, primaria e ESO está matriculada/o ou matricularase no momento de apertura do prazo de matriculacións no centro \_\_\_\_\_, e presentarei o correspondente certificado de matrícula no momento do canxe do vale.

Pontedeume, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

A/o solicitante

Asdo.: \_\_\_\_\_

**PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección RÚA REAL 13, 15600-PONTEDEUME (A CORUÑA): [correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal)

1. DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servizos de Adaptación Contínua en Protección de Datos RB, S.L.S có que poderá contactar en [correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal).

2. FINALIDADE DO TRATAMENTO E PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos serán utilizados para a xestión administrativa derivada desta solicitude. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4. AUTORIZACIÓN: Para consulta dos datos do Padrón Municipal da unidade familiar.

5. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en [correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal), sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

**UNIDADE FAMILIAR**

NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO	SINATURA No caso de menores de idade asinará a persoa solicitante
		Solicitante	

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do dito Decreto.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Pineiro, alcalde-presidente, en Pontedeume, a 29 de xuño de 2023.

2023/5385